

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

5618 *Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.*

A Lei 17/2007, do 4 de xullo, modificou a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do 26 de xuño de 2003, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 96/92/CE.

Desa modificación legal deriva un novo modelo, en que a actividade de subministración a tarifa, tal como establecen o artigo 9.f) e a disposición adicional vixésimo cuarta da citada Lei do sector eléctrico, deixa de formar parte da actividade de distribución, tal como exige a Directiva 2003/54/CEE, e a subministración pasa a ser exercida na súa totalidade polos comercializadores en libre competencia e será o consumidor de electricidade quen elixa libremente o seu comercializador.

Por outra parte, no artigo 18 da Lei do sector eléctrico, na redacción dada pola Lei 17/2007, do 4 de xullo, establécese a obriga de crear as tarifas de último recurso, que son prezos máximos establecidos pola Administración para determinados consumidores, para os cales se concibe a subministración eléctrica como servizo universal, tal e como recolle a Directiva 2003/54/CE. Neste contexto dispónse que as tarifas de último recurso, que serán únicas en todo o territorio nacional, serán os prezos máximos e mínimos que poderán cobrar os comercializadores que, de acordo co previsto na letra f) do artigo 9, asuman as obrigas de subministración de último recurso aos consumidores que, de acordo coa normativa vixente para estas tarifas, se acollan a elas.

Este aludido artigo 9.f) da referida lei do sector prevé que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, determinará as empresas comercializadoras que deban asumir a obriga de subministración de último recurso. Esta determinación realízase, por vez primeira, no artigo 2 deste real decreto. Para iso, consideráronse aqueles comercializadores con medios suficientes para poder asumir o risco dunha actividade libre aos que se lles impón unha obriga adicional, a subministración a consumidores en baixa tensión a un prezo máximo e mínimo e levar a cabo a actividade con separación de contas, diferenciada da actividade de subministración libre.

Ademais desa designación, mediante este real decreto régulase a posta en marcha da subministración de último recurso. Para iso, en primeiro lugar, resulta necesario especificar o réxime xurídico que se lles aplicará aos consumidores con dereito a se acoller á tarifa de último recurso, unha vez que desaparecese o mercado a tarifa.

Igualmente, resulta necesario introducir as medidas pertinentes no que se refire á determinación dos prezos que deberán pagar aqueles consumidores que transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador.

Finalmente, establécense medidas para aplicaren as empresas distribuidoras e comercializadoras para que o traspaso á subministración de último recurso sexa compatible co fomento da competencia.

Este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía, a trámite de audiencia e a consulta das comunidades autónomas a través do Consello Consultivo de Electricidade da dita Comisión Nacional de Enerxía e sometido a exame da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa reunión do día 26 de marzo de 2009.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e recolle previsións de carácter técnico e económico, polo que a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento e, en consecuencia, encóntrase xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de abril de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da subministración de último recurso.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da posta en marcha da subministración de último recurso.

2. O 1 de xullo de 2009 as tarifas integrais de enerxía eléctrica quedan extinguidas.

3. Só se poderán acoller a tarifas de último recurso os consumidores finais de enerxía eléctrica conectados en baixa tensión, cuxa potencia contratada sexa inferior ou igual ao límite legalmente establecido, de acordo co previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e a disposición adicional décimo primeira deste real decreto.

Artigo 2. *Designación dos comercializadores de último recurso.*

1. Asumirán a obriga de subministración de último recurso de enerxía eléctrica, en todo o territorio nacional, as seguintes empresas comercializadoras de enerxía:

- a) ENDESA ENERGÍA XXI, SL
- b) IBERDROLA COMERCIALIZACIÓN DE ÚLTIMO RECURSO, SAU
- c) UNIÓN FENOSA METRA, SL
- d) HIDROCANTABRICO ENERGÍA ÚLTIMO RECURSO, SAU
- e) E.ON COMERCIALIZADORA DE ÚLTIMO RECURSO, SL

2. A designación dos comercializadores de último recurso será revisada polo menos cada catro anos.

Artigo 3. *Dereitos e obrigas dos comercializadores de último recurso.*

1. Ademais dos dereitos e obrigas establecidos para os comercializadores no artigo 45 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na redacción dada pola Lei 17/2007, do 4 de xullo, os comercializadores de último recurso terán a obriga de atender as solicitudes de subministración de enerxía eléctrica daqueles consumidores que teñan dereito a se acolleren á tarifa de último recurso.

A tarifa de último recurso será o prezo máximo e mínimo que lles poderán cobrar os comercializadores de último recurso aos consumidores que se acollan á dita tarifa, segundo o establecido no artigo 18.1 da referida Lei do sector eléctrico. Entenderase que un consumidor se acolle á tarifa de último recurso cando contrate e sexa subministrado por un comercializador de último recurso.

2. Adicionalmente, o comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede nunha zona de distribución deberá atender a subministración daqueles consumidores que, sen ter dereito a se acolleren á tarifa de último recurso, transitoriamente carezan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador e continúen consumindo electricidade. No caso de que o consumidor pertenza a unha zona de distribución onde non exista comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede, o comercializador de último recurso será o pertencente ao grupo empresarial propietario da rede a que estea conectada a súa zona de distribución.

O prezo que deberán pagar estes clientes pola electricidade consumida durante o período en que carezan dun contrato en vigor cun comercializador será fixado por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Este prezo evolucionará no tempo de forma que incentive a sinatura do correspondente contrato.

3. O comercializador de último recurso quedará exceptuado da obriga establecida no punto anterior cando o contrato de subministración ou de acceso previo fose rescindido por falta de pagamento. Nestes casos, o distribuidor aplicará aos ditos consumidores o disposto no artigo 86.2 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

4. Os comercializadores de último recurso levarán na súa contabilidade contas separadas, diferenciando os ingresos e os gastos estritamente imputables á subministración realizada a aqueles consumidores acollidos á tarifa de último recurso.

Artigo 4. *Inicio da subministración de último recurso.*

1. A partir do día 1 de xullo de 2009, os consumidores subministrados por un distribuidor que non optasen por elixir empresa comercializadora pasarán a ser subministrados por un comercializador de último recurso. Este comercializador sucederá a empresa distribuidora cos dereitos e obrigas establecidos no artigo 45 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. A partir da dita data, os consumidores subministrados por un distribuidor que non optasen por elixir empresa comercializadora pasarán a ser subministrados polo comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial da empresa distribuidora da súa zona.

Nos casos en que a empresa distribuidora pertenza a máis dun grupo empresarial que conte con empresa comercializadora de último recurso, a empresa distribuidora designará a empresa ou as empresas comercializadoras de último recurso pertencentes aos seus grupos empresariais ás cales lles serán transferidos os clientes que non optasen por outra comercializadora. Para estes efectos, a empresa distribuidora deberá comunicar a empresa ou as empresas seleccionadas á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional de Enerxía antes do 1 de xuño de 2009, detallando os criterios de asignación de clientes.

Nos casos en que a empresa distribuidora non pertenza a ningún grupo empresarial que conte con empresa comercializadora de último recurso, a empresa distribuidora poderá elixir a empresa comercializadora a que lle transferir os clientes que non optasen por outra comercializadora. A empresa distribuidora deberalle comunicar a empresa seleccionada, xuntando a certificación de aceptación da empresa comercializadora elixida, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Comisión Nacional de Enerxía antes do 1 de xuño de 2009.

3. No caso de empresas distribuidoras que no prazo indicado no punto anterior non comunicasen a empresa comercializadora elixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, os consumidores destas empresas distribuidoras pasarán a ser subministrados polo comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede a que estea conectada a súa zona de distribución. Nas cidades de Ceuta e Melilla transferiranse á empresa ENDESA ENERGÍA, XXI SL.

Nos casos en que a empresa distribuidora pertenza a máis dun grupo empresarial que conte con empresa comercializadora de último recurso, os seus consumidores pasarán ao comercializador de último recurso do grupo da distribuidora que teña maior participación nela.

Nos casos en que a empresa distribuidora non pertenza a ningún grupo empresarial que conte con empresa comercializadora de último recurso e estea conectada a máis dunha distribuidora cuxos grupos empresariais si dispoñan de comercializador de último recurso, os seus consumidores pasarán ao comercializador de último recurso do grupo da distribuidora a través da cal recibe unha maior cantidade de enerxía anualmente.

4. Se, ademais, o distribuidor non facilitase á oficina de cambios de subministrador a información de súa base de datos de puntos de subministración de tal forma que non se puidese facer efectiva o 1 de xullo de 2009 a transferencia dos seus clientes á empresa comercializadora pertencente ao grupo empresarial propietario da rede a que estea

conectada a súa zona de distribución, o distribuidor pasará a ter a consideración de consumidor final.

O comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede a que estea conectada a súa zona de distribución facturará ao dito distribuidor, pola enerxía que deberon adquirir para os clientes que non contratasen a súa enerxía cunha comercializadora, ao prezo que estableza o ministro de Industria, Comercio e Turismo conforme dispón o artigo 3.2 deste real decreto.

5. As empresas distribuidoras deberán comunicar aos seus clientes a empresa comercializadora a que serán traspasados se non optaron voluntariamente por outro comercializador, nunha factura que lles remitan antes do 15 de xuño de 2009.

Artigo 5. *Réxime xurídico dos consumidores acollidos a tarifa de último recurso.*

1. Para todos os efectos, os consumidores acollidos a tarifa de último recurso serán considerados como consumidores no mercado liberalizado.

2. Non obstante o anterior, seranlles de aplicación os preceptos relativos á subministración a tarifa establecidos na sección 4.^a do capítulo I do título VI do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, en canto non se adapte o dito real decreto ao establecido na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e na Lei 17/2007, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do 26 de xuño de 2003, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 96/92/CE.

Artigo 6. *Medidas de promoción da competencia.*

1. No prazo de 15 días desde a entrada en vigor deste real decreto, as empresas distribuidoras deberán facilitar, a través da súa páxina web e cada vez que sexan requiridas por un consumidor, a listaxe de empresas comercializadoras facilitada pola Comisión Nacional de Enerxía cos seus respectivos números de teléfono de atención ao cliente e enderezos de páxina web, especificando cales asumiron a obriga de subministración de último recurso.

2. Se un consumidor acollido á tarifa de último recurso que é subministrado por un comercializador de último recurso opta por cambiar de comercializador, nin o comercializador de último recurso orixinal nin ningunha outra empresa comercializadora do seu mesmo grupo empresarial poderán realizar contraofertas co dito consumidor ata que transcorra un ano.

Unha vez feito efectivo o cambio, nin o comercializador orixinal nin ningunha outra empresa comercializadora do mesmo grupo empresarial poderán contratar a subministración co dito consumidor no prazo dun ano, sen prexuízo do establecido no artigo 3 deste real decreto.

3. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderanse establecer, se é o caso, as condicións para facer efectivo o cambio de subministración aos comercializadores de último recurso.

Artigo 7. *Metodoloxía de cálculo e revisión das tarifas de último recurso.*

1. Para o cálculo das tarifas de último recurso, incluíranse de forma aditiva na súa estrutura os seguintes conceptos:

- a) O custo de produción de enerxía eléctrica, que se determinará polo menos semestralmente con base nos prezos dos mercados a prazo.
- b) As peaxes de acceso que correspondan.
- c) Os custos de comercialización que correspondan.

2. Consonte coa metodoloxía prevista no punto anterior, o ministro de Industria, Turismo e Comercio, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento destas tarifas de último recurso, determinando a súa estrutura de forma coherente coas tarifas de acceso. Para estes efectos, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá revisar a estrutura das tarifas de acceso de baixa tensión para adaptalas ás tarifas de último recurso e asegurar a súa aditividade.

Así mesmo, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá regular mecanismos de adquisición de enerxía polos comercializadores de último recurso con carácter obrigatorio. O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá revisar semestralmente as tarifas de acceso para asegurar a aditividade das tarifas de último recurso.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas revisará, polo menos semestralmente, o custo de produción de enerxía eléctrica aplicando a metodoloxía establecida no número 1 anterior. Este custo será o que, de forma automática, integrará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas na revisión das tarifas de último recurso, para os efectos de asegurar a súa aditividade. Para iso, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará unha proposta concreta en que se determine para cada tramo tarifario a contía correspondente ao seu prezo máximo e mínimo.

4. As empresas comercializadoras de último recurso deberán remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a previsión das súas respectivas curvas de carga correspondentes ao período de cálculo do custo da enerxía, nas condicións que se establezan por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición adicional primeira. *Incumprimento dos plans de instalación de sistemas e equipamentos de medida e control.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para, mediante orde, minorar a retribución ás empresas distribuidoras establecida no Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica, polas seguintes causas:

a) Incumprir os obxectivos dos plans de instalación de elementos de control de potencia a que se refire o artigo décimo do Real decreto 1454/2005, do 2 de decembro, polo que se modifican determinadas disposicións relativas ao sector eléctrico.

b) Non dispoñer dos sistemas e equipamentos aprobados de acordo co establecido no artigo 9.8 do Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida e na disposición adicional primeira da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición adicional segunda. *Peche de enerxía no mercado.*

1. O saldo resultante da diferenza entre as perdas medidas de transporte e distribución e as perdas estándares utilizadas no procedemento de balance do conxunto do sistema será considerado como un ingreso ou custo liquidable do sistema e, como tal, incluírase nas liquidacións das actividades reguladas.

2. O operador do sistema realizará, con carácter anual, un informe de valoración das diferenzas a que se refire no punto anterior. Cada catro anos, poderá formular, se é o caso, unha proposta de revisión das porcentaxes das perdas estándares, con obxecto de minimizar as diferenzas coas perdas reais.

Disposición adicional terceira. *Coordinación dos suxeitos na operación do sistema.*

As propostas de procedementos de operación de carácter técnico e instrumental necesarios para realizar a adecuada xestión técnica do sistema que, de acordo co artigo 31 Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, sexan presentadas polo operador do sistema para a súa aprobación polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, deberán ir acompañadas do

informe dos representantes de todos os suxeitos do sistema definidos no artigo 9 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

O operador do sistema informará os suxeitos a que fai referencia o artigo 9 da referida Lei do sector eléctrico das incidencias que se produzan no exercicio das súas competencias. Para estes efectos, o operador do sistema disporá dun servizo específico de atención aos ditos suxeitos.

Disposición adicional cuarta. *Financiamento do operador do mercado*

1. De acordo co establecido no artigo 16.9 e na disposición transitoria décimo novena da vixente Lei do sector eléctrico, a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data que se estableza, o operador do mercado iniciará o seu financiamento, en todo ou en parte, a través dos prezos que cobre aos suxeitos xeradores do mercado que determine a Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, tanto do réxime ordinario como do réxime especial, que actúen no ámbito do Mercado Ibérico da Electricidade. A partir da dita data desaparecerá o financiamento a través da recadación resultante das cotas aplicadas sobre a facturación de tarifas e peaxes, deixando a Comisión Nacional de Enerxía de as recadar.

Adiferenza, positiva ou negativa, que se produza entre a contía resultante da recadación dos suxeitos xeradores e a que estableza anualmente o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio terá a consideración de ingreso ou custo liquidable, e será incluída no proceso de liquidacións da Comisión Nacional de Enerxía.

Adicionalmente, o operador de mercado ou as compañías filiais, vinculadas ou asociadas do grupo empresarial, poderán percibir a retribución que corresponda por outras funcións que lles poidan ser asignadas en desenvolvemento da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico ou da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. Estes prezos fixaraos o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e poderán incluír un termo fixo, función da potencia neta dispoñible das súas instalacións e/ou un termo variable pola enerxía que figure no último programa horario final de cada hora.

Disposición adicional quinta. *Salvagardas adicionais.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de trámite de audiencia e de forma motivada, a transferir os clientes dunha empresa comercializadora a un comercializador de último recurso nos casos en que esta empresa comercializadora se encontre incurso nun procedemento de falta de pagamento ou non conte coas garantías que resulten exixibles para o desenvolvemento da súa actividade. Os clientes transferidos deberán ser subministrados pola comercializadora de último recurso nas condicións que se establezan por orde ministerial. O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivar de acordo co establecido no título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Disposición adicional sexta. *Contratos de adquisición de enerxía dos distribuidores.*

As empresas distribuidoras procederán a vender os contratos de adquisición de enerxía comprometidos de forma obrigatoria ata o 30 de xuño de 2009 nos mercados a prazo e con entrega a partir do 1 de xullo de 2009 nas condicións que se determinen por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Os ingresos ou custos procedentes da venda dos ditos contratos serán considerados ingresos ou custos liquidables do sistema.

Disposición adicional sétima. *Representación de determinadas instalacións do réxime especial.*

1. Prorrógase a aplicación do disposto na disposición transitoria sexta do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, ata o 30 de xuño de 2009.

2. A partir do 1 de xullo de 2009 as instalacións que elixisen a opción a) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio citado e estivesen vendendo a súa enerxía no sistema de ofertas xestionado polo operador do mercado mediante a realización de ofertas a través dunha empresa distribuidora que actúa como representante de último recurso, de acordo co establecido na disposición transitoria sexta do citado real decreto, mentres que os titulares das instalacións non comuniquen a súa intención de operar a través doutro representante, pasarán a ser representados, en nome propio e por conta allea, polo comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede da zona de distribución a que estean conectados.

No caso de que o xerador pertenza a unha zona de distribución onde non exista comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede, o comercializador de último recurso será o pertencente ao grupo empresarial propietario da rede a que estea conectada a súa zona de distribución.

Así mesmo, tamén será de aplicación o establecido nos parágrafos anteriores para as instalacións que elixisen a opción b) do citado artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, desde o primeiro día do mes seguinte ao da data da acta de posta en servizo ata a data en que inicie a súa participación efectiva no mercado de produción.

A representación no mercado xestionado polo operador do mercado das instalacións que elixisen a opción a) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, será sempre en nome propio e por conta allea.

3. A empresa comercializadora de último recurso percibirá, desde o 1 de xullo de 2009, do xerador en réxime especial que elixise a opción a) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, cando actúe como o seu representante, un prezo máximo de 5 €/MWh cedido, en concepto de representación no mercado.

Se o comercializador de último recurso estivese declarado como operador dominante do sector eléctrico pola Comisión Nacional de Enerxía ou for unha persoa xurídica que pertenza a unha empresa ou grupo empresarial que tivese esta condición, este prezo será fixo de 10 €/MWh cedido.

4. A partir do 1 de xullo de 2009, a Comisión Nacional de Enerxía liquidará as primas equivalentes, primas e incentivos, segundo corresponda, así como os complementos correspondentes a todas as instalacións acollidas ao réxime especial.

Enténdese por «prima equivalente» das instalacións do réxime especial, na opción de venda a tarifa, a diferenza entre a enerxía neta efectivamente producida valorada ao prezo da tarifa regulada que lle corresponda e a liquidación efectuada polo operador do mercado e o operador do sistema, sen prexuízo do establecido no artigo 34 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

5. Habilítase a Comisión Nacional de Enerxía para definir, mediante circular, as obrigas de remisión da información necesaria e o procedemento de liquidación correspondente, así como o procedemento de comunicación dos cambios de representante das instalacións de réxime especial.

Disposición adicional oitava. *Déficit de actividades reguladas en 2006*

1. Recoñécese a existencia dun déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico xerado en 2006, incluíndo a minoración da retribución para 2006 da actividade de produción de enerxía eléctrica no importe equivalente ao valor dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente, que ascende a un valor, en 31 de decembro de 2006, de 2.258.543.500,63 euros.

Esta contía recuperarase a través da tarifa eléctrica durante un período de quince anos contados desde o 1 de xaneiro de 2007. O importe pendente de pagamento producirá xuros de actualización cada ano desde o 31 de decembro de 2006.

O importe dos xuros será anual, e aplicarase o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior ao importe para recuperar en 31 de decembro de cada ano.

2. A cantidade recadada será distribuída entre as empresas nos importes establecidos no cadro seguinte:

IBERDROLA, SA	810.907.331,66 €
UNIÓN FENOSA, SA	262.702.293,56 €
HIDROELÉCTRICA DEL CANTÁBRICO, SA.	127.042.059,30 €
ENDESA, SA	1.017.237.502,12 €
ELCOGÁS, SA	53.155.713,99 €

3. Os titulares dos dereitos de cobramento poderán cedelos a terceiros notificándoo previamente á Comisión Nacional de Enerxía e á Secretaría Xeral de Enerxía.

Disposición adicional novena. *Revisión das tarifas de acceso a partir do 1 de xullo de 2009*

A partir do 1 de xullo de 2009 e ata a desaparición do déficit da tarifa, logo dos trámites e informes oportunos, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá revisar semestralmente as tarifas de acceso para asegurar a aditividade das tarifas de último recurso.

Disposición adicional décima. *Revisión dos tipos que se aplicarán para a determinación da cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional.*

De acordo co establecido no parágrafo sexto do número 2 da disposición adicional décima segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, revísanse os tipos de gravame a que fan referencia os puntos 1.e, 2.f e 3.e do número 2 da mesma disposición, quedando fixados a partir da entrada en vigor deste real decreto nos seguintes valores:

- No sector de hidrocarburos líquidos, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,129 euros/t.
- No sector eléctrico, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,185 por cento, para as peaxes a que se refire o artigo 18 da Lei do sector eléctrico.
- No sector de hidrocarburos gasosos, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,153 por cento.

Disposición adicional décimo primeira. *Límite de potencia para a aplicación da subministración de último recurso.*

A partir do 1 de xullo de 2009 só se poderán acoller a tarifas de último recurso os consumidores de enerxía eléctrica conectados en baixa tensión cuxa potencia contratada sexa inferior ou igual a 10 kW.

Non obstante, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, este límite de potencia poderá ser modificado por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición adicional décimo segunda. *Unificación das empresas comercializadoras de último recurso.*

Os grupos empresariais que teñan simultaneamente obrigas de subministración de último recurso nos sectores de electricidade e gas poderán proceder a unificar estas obrigas nunha única empresa de comercialización de último recurso.

Para estes efectos, estes grupos empresariais deberán remitir a súa solicitude ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio indicando o nome da sociedade que asumirá as obrigas de último recurso en ambos os sectores. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determinará a data a partir da cal se fará efectiva a transferencia á dita sociedade dos consumidores acollidos á tarifa de último recurso.

Disposición adicional décimo terceira. *Información do traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica.*

As empresas distribuidoras de enerxía eléctrica deberán incluír en todas as facturas que remitan aos seus clientes con contrato en vigor no mercado a tarifa, desde a primeira factura emitida a partir da entrada en vigor deste real decreto e ata o 1 de xaneiro de 2010, a carta correspondente que figura no anexo.

Disposición adicional décimo cuarta. *Facturas de enerxía eléctrica e de gas.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer o contido mínimo e un formato tipo das facturas que lles deberán remitir os comercializadores de último recurso de electricidade e de gas aos consumidores.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá determinar a forma de estimar os consumos cando estes non se correspondan con lecturas reais.

Disposición adicional décimo quinta. *Particularidades na aplicación da subministración de último recurso nos sistemas insulares e extrapeninsulares (SEIE)*

A comercialización de último recurso de enerxía eléctrica nos sistemas insulares e extrapeninsulares rexeráse polas disposicións xerais aplicables no sistema eléctrico peninsular coas particularidades que se establecen a continuación:

a) Os comercializadores de último recurso nestes sistemas adquirirán a enerxía eléctrica para a subministración aos seus consumidores de último recurso no despacho de enerxía correspondente a cada SEIE.

b) O prezo de adquisición desta enerxía será o custo de produción de enerxía eléctrica que aprobe a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a que fai referencia o artigo 7, aplicando a metodoloxía establecida no número 1 do citado artigo.

c) A Comisión Nacional de Enerxía liquidará aos xeradores en réxime ordinario polos conceptos que se establecen no artigo 18.2 do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, en relación coa enerxía vendida no despacho aos comercializadores de último recurso, a diferenza entre o custo da enerxía adquirida polos comercializadores de último recurso, valorada ao prezo final horario de xeración en cada SEIE (PFG(h)), e o custo desa mesma enerxía valorada ao prezo de adquisición dos comercializadores de último recurso a que se refire o parágrafo anterior.

Disposición transitoria primeira. *Listaxe de comercializadores.*

1. No prazo de 21 días hábiles desde a entrada en vigor deste real decreto, as empresas comercializadoras que así o desexen deberán remitir o seu número de teléfono de atención ao cliente e enderezo de páxina web á Comisión Nacional de Enerxía, para seren incluídos na lista de comercializadores a que fai referencia o artigo 6.

2. A Comisión Nacional de Enerxía deberá publicar e manter actualizada esta lista na súa páxina web antes de que transcorran 30 días hábiles desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio dos distribuidores acollidos á disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro.*

1. Ata o 1 de xullo de 2009 ou ata a data en que se produza a súa inclusión no ámbito de aplicación do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, as empresas distribuidoras ás que lles sexa de aplicación a disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, poderán seguir adquirindo a enerxía para os seus clientes ao distribuidor a que estean conectadas as súas redes.

A enerxía adquirida será a suma dos seguintes termos:

a) A enerxía inxectada nas súas redes a través do distribuidor a que estea conectada, medida nos puntos fronteira. Á dita enerxía deberáselle descontar a enerxía correspondente aos clientes cualificados que o distribuidor teña conectados á súa rede.

b) A enerxía vertida nas súas redes polas instalacións de réxime especial que elixisen a modalidade de venda de enerxía no mercado de produción elevada ao nivel de tensión do punto fronteira co distribuidor a que estea conectado. (No caso de existir diferentes puntos fronteira de conexión a distintos niveis de tensión, elevarase ao nivel de tensión polo que adquira maior cantidade de enerxía).

O prezo a que o distribuidor facturará esta enerxía será o correspondente aos prezos do nivel de tensión a que estea conectado o distribuidor ao cal sexa de aplicación a disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, dos que figuran no seguinte cadro e aplicaranse tanto á potencia como á enerxía demandada. Así mesmo, aplicaranse os complementos por discriminación horaria e enerxía reactiva. Estes prezos incrementaranse mensualmente desde o 1 de abril de 2009 un 3 por cento.

Prezos de venda a distribuidores o mes de xaneiro de 2009

Niveis de tensión	Termo de potencia	Termo de enerxía
	Tp: € / kW mes	Te: € / kWh
Maior de 1 kV e non superior a 36 kV	2,733649	0,068824
Maior de 36 kV e non superior a 72,5 kV	2,580436	0,065655
Maior de 72,5 kV e non superior a 145 kV	2,515924	0,063353
Maior de 145 kV	2,435286	0,061625

Os ingresos dos distribuidores de máis de 100.000 clientes procedentes das ditas facturacións terán a consideración de ingresos liquidables.

A partir do 1 de xaneiro de 2009 desaparece o réxime de compensacións establecido para as empresas distribuidoras que estivesen incluídas na disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, salvo o réxime de compensacións por adquisicións de enerxía ao réxime especial nos termos establecidos na disposición transitoria seguinte.

2. Durante o período establecido no punto anterior, cando as empresas distribuidoras ás que é de aplicación a disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, opten por adquirir a enerxía eléctrica para a subministración aos seus consumidores a tarifa no mercado de produción de enerxía eléctrica deberán solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a súa inclusión no sistema de liquidacións do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, de acordo co establecido no número 1 da disposición adicional segunda do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro.

Na dita solicitude deberán indicar a modalidade elixida de adquisición de enerxía eléctrica no mercado de produción xuntando a documentación acreditativa correspondente, xa sexa para actuar directamente no mercado ou ben para ser representadas e a certificación do operador do sistema de que os seus puntos fronteira están dados de alta no concentrador principal. Así mesmo, se dispoñen de instalacións de réxime especial conectadas ás súas redes deberán comunicar previamente á empresa distribuidora a que estean conectadas e á Comisión Nacional de Enerxía o detalle das ditas instalacións e a opción de venda elixida por elas, xuntando acreditación da dita comunicación á solicitude dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá a solicitude indicando expresamente a data en que se inicia o novo réxime retributivo que, en todo caso, coincidirá co día primeiro do mes seguinte ao da data da resolución, e a modalidade de adquisición de enerxía elixida pola empresa.

3. Nestes casos, as empresas distribuidoras poderán adquirir a enerxía eléctrica para a subministración aos seus consumidores a tarifa no mercado de produción de enerxía eléctrica de acordo coas seguintes modalidades:

1.^a A través da empresa distribuidora de máis de 100.000 clientes a que estean conectadas as súas liñas e, en caso de non estaren conectadas directamente a ningunha delas, á máis próxima. En caso de estaren conectadas a dúas ou máis distribuidoras de máis de 100.000 clientes, a aquela por cuxa conexión reciban unha maior cantidade de enerxía anualmente. Para estes efectos, a empresa que actúe como representante de último recurso facturará a enerxía adquirida para a distribuidora a que represente, en cada período de programación, ao custo medio de adquisición da distribuidora representante no dito período de programación.

2.^a Accedendo directamente ao mercado ou a través dun representante do mercado de produción.

Para os efectos das liquidacións do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, o custo recoñecido ás empresas distribuidoras acollidas á disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, polas adquisicións de enerxía para as súas subministracións a tarifa, será o establecido no artigo 4.e) do dito real decreto.

O prezo medio ponderado, que resulte no período de liquidación, será, segundo a opción pola que optase a empresa distribuidora acollida á disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, un dos seguintes:

a) No caso de adquirir a enerxía segundo a modalidade 1^a deste punto, o prezo medio que resulte de aplicar, no período de liquidación, o custo medio de adquisición de enerxía do distribuidor que actúe como representante de último recurso ás adquisicións de enerxía para a empresa distribuidora da disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

b) No caso de adquirir a enerxía segundo a modalidade 2^a deste punto, o prezo medio ponderado que resulte, no período de liquidación, máis 3 €/MWh, ás adquisicións de enerxía deste.

Disposición transitoria terceira. Adaptación dos comercializadores acollidos á disposición transitoria terceira da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro.

Aquelas sociedades que no momento da entrada en vigor deste real decreto exerzan a súa actividade como comercializadores nos termos e condicións establecidos na disposición transitoria terceira da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008, quedarán automaticamente autorizados para exercer a actividade de comercialización e inscritos no rexistro administrativo de distribuidores, comercializadores e consumidores directos en mercado.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas practicará de oficio a pertinente inscrición no citado rexistro na subsección correspondente de comercializadores e notificará o número de inscrición á sociedade interesada.

Disposición transitoria cuarta. Financiamento da Comisión Nacional de Enerxía ata o 1 de xullo de 2009.

De conformidade co establecido na disposición transitoria sétima.1 da Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural, en relación co previsto na disposición transitoria segunda.1 da Lei 17/2007, do 4 de xullo, e o artigo 1.2 deste real decreto, ata o 1 de xullo de 2009, ademais do disposto no número 2, segundo c) da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, constituirá base impositiva da taxa para o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía a facturación derivada da aplicación das tarifas eléctricas a que se refire o artigo 17 da Lei do sector eléctrico. Neste caso, o tipo polo que se multiplicará a base impositiva para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,062 por cento.

Disposición transitoria quinta. *Mecanismo de venda e liquidación de enerxía para as instalacións de réxime especial conectadas a unha distribuidora da disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ata o 30 de xuño de 2009 ou ata a data de aplicación efectiva da tarifa de último recurso.*

1. Ata o 30 de xuño de 2009 ás instalacións de réxime especial conectadas a unha distribuidora das previstas na disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que non se encontren acollidas ao sistema de liquidacións do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, de acordo co establecido no número 1 da disposición adicional segunda do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, seguiralles sendo de aplicación a disposición transitoria sexta do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

Nestes casos, as empresas distribuidoras serán compensadas pola Comisión Nacional de Enerxía, segundo a opción de venda elixida polas instalacións de réxime especial, conforme o seguinte:

a) Opción de venda do artigo 24.1.a) e, se é o caso, do artigo 26 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, ou opción equivalente da disposición transitoria primeira do citado real decreto: pola diferenza que resulte entre o prezo de adquisición de enerxía eléctrica a cada un dos produtores do réxime especial e o prezo que correspondería a esta enerxía facturada á tarifa que lle fose de aplicación ao distribuidor, así como os complementos aboados polo distribuidor ao titular da instalación. Esta compensación, que poderá resultar positiva ou negativa, será determinada e liquidada pola Comisión Nacional de Enerxía.

b) Opción de venda do artigo 24.1.b) do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, ou opción equivalente da disposición transitoria primeira do citado real decreto: as primas, incentivos e complementos aboados polo distribuidor ao titular da instalación.

Os importes correspondentes a estes conceptos serán considerados custos liquidables do sistema e someteranse ao correspondente proceso de liquidación xeral pola Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co establecido no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro.

Para os casos en que a enerxía vertida polas instalacións de réxime especial conectadas ao distribuidor supere a demanda dos seus clientes a tarifa, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerá o mecanismo de compensación para os efectos da correspondente liquidación económica.

2. Desde o 1 de xaneiro de 2009 e ata o 30 de xuño de 2009, os titulares das instalacións conectadas a unha distribuidora das previstas na disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que se acolla ao sistema de liquidacións do Real decreto 2017/1997, do 26 de setembro, de acordo co establecido no número 1 da disposición adicional segunda do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, que elixisen a opción b) do artigo 24.1 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, desde o primeiro día do mes á acta de posta en servizo ata a entrada efectiva en mercado, ou as que elixisen a opción a) do mesmo artigo, en canto o titular da instalación non comunique a súa intención de operar a través doutro representante, pasarán a ser representados por conta propia e liquidados pola empresa distribuidora de máis de 100.000 clientes a que estea conectada a distribuidora acollida á citada disposición transitoria décimo primeira e, en caso de non estar conectada directamente a ningunha, á máis próxima.

Así mesmo, esta última empresa realizará a liquidación das primas equivalentes ou, se é o caso, das primas e dos incentivos, así como dos complementos que lles sexan de aplicación, ás instalacións que estean conectadas a unha distribuidora das previstas na disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que se acolla ao sistema de liquidacións referido no número 1 da disposición adicional segunda do Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, e será realizada, a partir da data en que quede acollido o distribuidor, pola Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co previsto no artigo 30 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.

Ao distribuidor que exerza a representación de último recurso seralle de aplicación o previsto na disposición transitoria sexta do citado Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para o representante de último recurso.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto quedan derogados:
 - a) Os artigos, 176, 177, 178, 179, 180, 189, 200, 201, 202, 203 e 204 e os números 2.1 e 2.2 do anexo do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
 - b) O artigo 16.2 do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.
2. Así mesmo, queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango no que se opoña ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.*

Modifícase o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 3 no artigo 9, coa redacción seguinte:

«3. Os titulares de instalacións de xeración que subscribisen contratos bilaterais con entrega física de enerxía deberán presentar ofertas de adquisición no mercado diario polo volume total de enerxía igual á comprometida nos ditos contratos a un prezo que reflecta o custo de oportunidade das ditas instalacións.»

Dous. Modifícase o artigo 10, que queda redactado como segue:

«Unha vez que as ofertas de venda ou adquisición de enerxía eléctrica fosen aceptadas polo operador do mercado e se cerrase o prazo para a súa presentación, procederáse a realizar a casación para cada período de programación, partindo da oferta de venda máis barata aplicando o procedemento de casación establecido nas regras de funcionamento do mercado.

O resultado da casación determinará o prezo marxinal para cada período de programación, que será o prezo resultante do equilibrio entre a oferta e a demanda de enerxía eléctrica ofertada neles, así como a enerxía comprometida por cada un dos axentes do mercado diario de produción en función das ofertas de adquisición e venda asignadas na dita casación. O resultado da casación incluírá, tamén, a orde de precedencia económica de todas as unidades de adquisición ou de venda sobre as que se presentase oferta, mesmo cando quedasen fóra da casación.

O proceso de casación incorporará os mecanismos de separación ou axuste de mercados con outros países que determine en cada momento o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

Modifícase o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, nos seguintes termos:

Un. A letra c) do artigo 71.2 queda redactada como segue:

«c) Para poder adquirir enerxía eléctrica co fin de lla subministrar aos seus clientes, deberán presentar ao operador do sistema, ao operador do mercado e ás empresas distribuidoras, as garantías que resulten exixibles.»

Dous. Modifícase a letra f) do artigo 71.2, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«f) Comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e á Administración competente a información que se determine sobre tarifas de acceso ou peaxes, prezos, consumos, facturacións e condicións de venda aplicables aos consumidores, distribución de consumidores e volume correspondente por categorías de consumo, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.»

Tres. O artigo 73 queda redactado como segue:

«1. Nos casos en que a autorización da actividade de comercialización corresponda á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o interesado solicitarao a este órgano directivo presentando a seguinte documentación:

a) Escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no rexistro mercantil ou equivalente no seu país de orixe que acredite o cumprimento das condicións legais a que se refire este artigo.

b) Acreditación da capacidade económica e técnica da empresa de acordo co establecido no presente artigo.

En todo caso, poderá ser solicitada ao interesado outra documentación complementaria necesaria para acreditar a debida capacidade legal, técnica ou económica da sociedade.

2. Para acreditar a súa capacidade legal, as empresas que realizan a actividade de comercialización deberán ser sociedades mercantís ou equivalente no seu país de orixe, en cuxo obxecto social non existan limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade. Así mesmo, deberán acreditar nos seus estatutos a súa capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica e o cumprimento das exixencias de separación de actividades e de contas establecidas nos artigos 14 e 20 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

3. As empresas que teñan por obxecto realizar a actividade de comercialización para acreditar a súa capacidade técnica deberán cumprir os requisitos exixidos aos suxeitos compradores no mercado de produción de enerxía eléctrica conforme os procedementos de operación técnica e, se é o caso, as regras de funcionamento e liquidación do mercado de produción.

4. Para acreditar a capacidade económica, as empresas que queiran exercer a actividade de comercialización deberán ter presentado ante o operador do sistema e ante o operador do mercado as garantías que resulten exixibles para a adquisición de enerxía no mercado de produción de electricidade nos procedementos de operación técnica e nas correspondentes regras de funcionamento e liquidación do mercado, respectivamente.

Antes de realizar a súa solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o interesado deberá cubrir os requisitos establecidos nos números 3 e 4 ante o operador do sistema e, se é o caso, ante o operador de mercado. Para estes efectos, o prazo máximo entre a emisión das certificacións e a solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio será dun mes.»

Catro. O número 2 artigo 188 queda redactado como segue:

«2. O procedemento de inscrición nesta sección do rexistro constará dunha soa fase de inscrición definitiva.»

Cinco. O artigo 190 queda redactado como segue:

«Procederáse á inscrición definitiva da empresa comercializadora nesta sección do rexistro unha vez que esta fose autorizada de acordo co artigo 73.

Para iso deberá dirixir a solicitude de inscrición definitiva á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. No caso de que a autorización corresponda a este mesmo órgano directivo, tramitarase conxuntamente. No caso de que a autorización corresponda á comunidade autónoma, esta dará traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes da solicitude de inscrición, así como da documentación que se lle xunte.»

Seis. O artigo 191 queda redactado como segue:

«A notificación da inscrición definitiva será efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

En caso de que a solicitude de inscrición fose presentada nunha comunidade autónoma, a formalización da inscrición será comunicada a esta.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1068/2007, do 27 de xullo, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector do gas natural.*

Modifícase o Real decreto 1068/2007, do 27 de xullo, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector do gas natural, do modo seguinte:

Un. Modifícase o último parágrafo do número 1 do artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«A tarifa de último recurso será o prezo máximo e mínimo que lles poderán cobrar os comercializadores de último recurso aos consumidores que teñan dereito a se acoller a ela, segundo o establecido no artigo 93.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Entenderase que un consumidor se acolle á tarifa de último recurso de gas cando sexa subministrado por un comercializador de último recurso de gas.»

Dous. Engádesse un novo número 4 ao artigo 3, cuxo teor é o seguinte:

«4. O comercializador de último recurso quedará exceptuado da obriga de atender as solicitudes de subministración de determinados consumidores, establecida nos números 1 e 2 anteriores, cando o contrato de subministración previo fose rescindido por falta de pagamento. Nestes casos, o distribuidor aplicará aos ditos consumidores o disposto respecto da suspensión da subministración no capítulo VIII do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.»

Disposición derradeira cuarta. *Autorización para a modificación do artigo 28 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a modificar a fórmula establecida no artigo 28 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial para substituír a variable Cmp por outra que reflecta a evolución do custo do gas natural, con efecto, sempre que non sexa desfavorable, desde o 1 de xullo de 2008.

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª e 25ª da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Execución e aplicación.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que resulten indispensables para asegurar a adecuada execución e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Industria, Turismo e Comercio.
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN.

ANEXO

Modelos de carta que remitirá o distribuidor aos consumidores

1. CARTA PARA CLIENTES CON POTENCIA CONTRATADA <10kW

Estimado cliente,

Como consecuencia da nova normativa europea, a partir do 1 de xullo de 2009 as empresas distribuidoras deixaremos de subministrarlle a electricidade, actividade que deberá ser realizada por unha empresa comercializadora de electricidade. A partir dese momento, a nosa compañía, como empresa distribuidora dona das redes da súa zona, continuará operando nas instalacións, lendo os seus contadores e proporcionándolle o servizo de emerxencias 24h.

O cambio de subministrador en ningún caso suporá un custo adicional para vostede e presentánselle 3 alternativas:

1. Pode contratar a subministración con calquera das seguintes empresas (comercializadoras de último recurso) que designou o Goberno e cuxos datos de contacto lle ofrecemos a continuación. Calquera destas empresas estará obrigada a lle subministrar a electricidade a un prezo que será fixado polo Goberno.

Empresa comercializadora	Teléfono de atención ao cliente	Enderezo da páxina web

2. Desde logo, tamén pode contratar a subministración cunha empresa comercializadora a un prezo libremente pactado, analogamente a como ocorre noutros sectores como a telefonía móbil. Neste caso, facilitámoslle a lista completa de empresas comercializadoras dispoñibles no anexo deste escrito.
3. Por último, se non fai ningunha xestión, o 1 de xullo a súa subministración eléctrica será automaticamente asumida pola empresa XXXXXXX, que se encargará de enviarlle as facturas e xestionar os cobramentos pola subministración de enerxía. Neste caso, os seus datos serán transferidos a esta empresa para continuar co servizo.

Á espera de lle ofrecer o mellor servizo, reciba un cordial saúdo.

Asdo.:
(Nome da empresa distribuidora)

2. CARTA PARA CLIENTES CON POTENCIA CONTRATADA >10kW

Estimado cliente,

Como consecuencia da nova normativa europea, a partir do 1 de xullo de 2009 as empresas distribuidoras deixaremos de lle subministrar a electricidade, actividade que deberá ser realizada por unha empresa comercializadora de electricidade. A partir dese momento, a nosa compañía, como empresa distribuidora dona das redes da súa zona, continuará operando nas instalacións, lendo os seus contadores e proporcionándolle o servizo de emerxencias 24h.

Antes desa data, vostede debe proceder a contratar a subministración cunha empresa comercializadora a un prezo libremente pactado, analogamente a como ocorre noutros sectores como a telefonía móbil. Para tal efecto, facilitámoslle a lista completa de empresas comercializadoras dispoñibles no anexo deste escrito.

Se non contrata cun comercializador dos indicados, a súa subministración pasará automaticamente a ser asumida pola empresa XXXXXX, que lle aplicará un prezo superior e que se irá incrementando automaticamente no tempo. Os seus datos serán transferidos a esta empresa para continuar co servizo.

Á espera de lle ofrecer o mellor servizo, reciba un cordial saúdo.

Asdo.:
(Nome da empresa distribuidora)

ANEXO

Empresa comercializadora	Teléfono de atención ao cliente	Enderezo da páxina web